

**BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS
MUNICIPAIS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA ÁS
COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DE CONSUMO DO CONCELLO AS
NEVES PARA A REALIZACIÓN DE MELLORAS DAS INSTALACIONS
EXERCICIO 2024.**

ARTIGO 1. OBXECTO E BENEFICIARIOS

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto apoiar e promover, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de subvencións entre as Comunidades de Usuarios de Augas de Consumo que presten servizos no ámbito municipal do Concello As Neves, que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria específica de subvencións, e que, durante o período comprendido dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024 (ambos engadidos), realicen investimentos nas traídas veciñais das Comunidades de Usuarios de Augas que redunden na mellora do servizo e fomentar o asentamento no rural ademais de dinamizar o asociacionismo veciñal.
2. O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, de acordo co artigo 19.1.
3. Poderán ser beneficiarias das subvencións convocadas as comunidades de usuarios de augas que desenvolvan a súa actividade no Concello As Neves, debidamente inscritas no rexistro público correspondente, coa finalidade de mellorar a prestación deste servizo, encadrado como servizo básico municipal na lexislación básica de réxime local, mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, contribuíndo deste xeito a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.
4. Con cargo ás correspondentes dotacións orzamentarias, o obxecto das axudas comprenderá a contratación de obras, adquisición de materiais, man de obra ou equipamentos, asociados á melloras nas seguintes áreas de actuación:
 - Captación de augas (fontes e pozos e o seu entorno).
 - Sistemas de almacenamento e potabilización (depósitos e o seu entorno, filtración, decantación, cloración).
 - Rede de distribución da auga (extensión ou mellora nas redes de distribución).
 - Melloras nas instalacións (conexións eléctricas, sistemas de bombeo, peches e seguridade nas instalacións, etc.)

Especificamente quedan excluídos os gastos derivados de:



- Publicidade, cartellaría, comunicación.
- Elaboración de proxectos, asesoría, xestión ou consultoría.
- Medición e control da calidade da auga.
- Inscripción no Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).
- Realización de Protocolo Sanitario.
- Cotas a asociacións.

A comunidade de usuarios de augas solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para o 2024.

A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos de proxectos ou accións concretas e individualizadas que se definen no Artigo 1, apartado 4 realizados durante o período comprendido dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024 (ambos inclusive)

ARTIGO 2. REQUISITOS DOS SOLICITANTES E BENEFICIARIOS

As Comunidades de Usuarios de Augas legalmente autorizadas e constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar ao corrente con AEAT, Xunta de Galicia, Seguridade Social e co Concello As Neves.
- Non estar incluídos en ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade para ser beneficiarias ou percibir as subvencións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións., no artigo 13.
- Só se poderá conceder unha subvención por cada entidade.
- Figurar inscrita no Rexistro de Augas da Confederación Hidrográfica Miño-Sil

ARTIGO 3. FINANCIAMENTO DA CONVOCATORIA

A concesión de axudas reguladas nesta orde será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 161.78 do orzamentario vixente do ano 2024 que conta con un orzamento total de 22.000,00 euros.

ARTIGO 4. CONTÍA E LÍMITES

Os beneficiarios poderán recibir como máximo o 70% do orzamento (IVE incluído) presentado sobre os gastos subvencionables. A subvención máxima de subvención a recibir será de 7.000 euros por cada Comunidade de Usuarios.

ARTIGO 5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR



As comunidades de usuarios de augas que estean interesadas en optar á concesión das subvencións reguladas na presente convocatoria deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación:

- Formulario 1: Impreso oficial de solicitude, que irá acompañado da documentación que nel se indica.
- Formulario 2: Certificación do acordo de solicitude, nomeamento de representante para as relacións co Concello e número de usuarios.
- Documentación acreditativa de cada un dos criterios de avaliación que cumpra a Comunidade de Augas, de ser o caso, recollidos no artigo 9, co fin de que sexan valorados pola Comisión Técnica.

ARTIGO 6. INICIACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As entidades que desexen acollerse aos beneficios desta convocatoria presentarán solicitude a través da sede electrónica do Concello (<https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>) dirixida á Alcaldía segundo o formulario 1 coa documentación que nel se indica.

O prazo de presentación de solicitudes é de quince (15) días naturais, a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) Esta convocatoria publicarase na páxina web do Concello.

Acompañarase declaración das axudas públicas recibidas nos últimos 2 anos superiores a 5.000 euros, así como declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas que financien o investimento que se vai subvencionar e compromiso de comunicarlle ao Concello As Neves as que obteñan nun futuro..

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

As solicitudes presentarase a través da Sede Electrónica, <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>.

Os modelos de solicitude e os correspondentes formularios, estarán dispoñibles na web; www.asneves.gal.

ARTIGO 7. EMENDA DA SOLICITUDE

Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 da LPAC, requiriráselle ao interesado que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos.

Transcorrido o prazo sen que a solicitude fose emendada, e previa resolución de acordo co establecido no artigo 68 da LPAC, considerarase desistida.



ARTIGO 8. COMISIÓN TÉCNICA DE AVALIACIÓN

a) A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados neste artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

b) A composición da comisión de valoración será a seguinte:

- Presidencia: O Alcalde-Presidente do Concello As Neves, ou concelleira/o en quen delegue.
- Vogais: Teodoro de Francisco Antes adscrito ao departamento de urbanismo/oficina técnica.
- Ramona Giráldez Carballo adscrita ao departamento de Intervención.
- María Esperanza Goyanes López persoal laboral (con voz e sen voto) que actuará como secretaria da Comisión Avaliadora.

c) Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado as entidades solicitantes propostas para obter a subvención, e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no punto seguinte. Así mesmo, indicarse o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

d) O resto das actuacións subvencionables quedarán en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben coa ampliación dos créditos orzamentarios destinados a esta subvención de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

e) A comisión de valoración constituirase na sede do Concello As Neves. O seu funcionamento rexerase polo disposto na Sección 3ª, do capítulo II, do título preliminar da Lei 40/2015, do 10 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público .

f) A Comisión de valoración elevará a proposta de concesión á Xunta de Goberno Local, quen resolverá.

ARTIGO 9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a Comisión Técnica de Avaliación terá en conta os seguintes criterios:

- 1.—Número de usuarios (billas):
 - a. Entre 10 e 50 usuarios (5 puntos)
 - b. Entre 51 e 100 usuarios (10 puntos)



- c. Máis de 101 usuarios (15 puntos)
- 2.—Corresponsabilidade financeira, entendida como unha cota por usuario e ano:
- Mayor ou igual a 50 euros. (5 puntos)
 - Que realízaen aportacións extraordinarias por usuario para obras, nos últimos tres anos, por importe maior ou igual a 100 euros (5 puntos)
- 3.—Proporcionar auga de consumo a algún centro educativo ou cultural (CEIP, IES, escola infantil, centro cultural ou deportivo) (10 puntos)
- 4.—Proporcionar auga de consumo ao cemiterio da parroquia (5 puntos)
- 5.—Ter liquidado taxas e impostos municipais nos últimos 2 anos, sen bonificación, por realización de obras na traída de augas (5 puntos)
- 6.—Uso do galego nas comunicacións a usuarios e documentación escrita. (5 puntos)
- 7.—Non ter percibido axudas do Concello As Neves nos 2 últimos anos que financiasen o investimento que se vai a subvencionar nestas bases por importes superiores a 5.000 euros. (10 puntos).
- 8.—Interese dos investimentos propostos para o seu financiamento. (**Ata un máximo de 45 puntos**).
- Incrementar a capacidade das captacións. (**10 puntos**)
 - Incrementar a capacidade dos depósitos. (**10 puntos**)
 - Instalación de sistemas de potabilización. (**5 puntos**)
 - Renovación da rede de distribución por deterioro ou escasa capacidade con relación aos veciños. (**10 puntos**)
 - Comunidades con problemas pola seca. (**5 puntos**)
 - Outros de interese xeral a criterio da Comisión técnica. (**5 puntos**)

Adxudicarase a subvención por orde de maior puntuación, co límite do 70% (IVE incluído) do orzamento e 7.000 por comunidade ata esgotar a partida de 22.000 euros.

ARTIGO 10. RESOLUCIÓN, AVALIACIÓN, NOTIFICACIÓN E MODIFICACIÓN

- Segundo o establecido no apartado 9.8 Ordenanza Fiscal Xeral Reguladora do Réxime Xurídico das Subvencións o prazo máximo para a resolver e notificar os procedementos iniciados en virtude desta convocatoria será de 6 meses, contado a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Será causa de denegación de concesión da subvención o esgotamento do crédito consignado para estes efectos na partida orzamentaria fixada na presente convocatoria.



A Xunta de Goberno Local, a vista da proposta de resolución definitiva realizada pola Comisión Técnica, resolverá o procedemento.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

6. Contra a resolución as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular do Concello As Neves, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo.

ARTIGO 11. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS

1. O representante da entidade beneficiaria disporá dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.

2. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo órgano instructor e facilitará canta información lle sexa requirida.

ARTIGO 12. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Ademais das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os beneficiarios deberán aceptar as seguintes obrigas:

- Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación, conservando os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



- Responder da veracidade dos datos da solicitude e cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
- O Concello As Neves poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

ARTIGO 13. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. As entidades beneficiarias terán de prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a correspondente xustificación dos investimentos ata o 15 de novembro de 2024.

2.-O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria na conta que figura no certificado bancario aportado, previa presentación dos formularios 3 e 4, xunto coa documentación que neles se require.

O importe a xustificar non será inferior en ningún caso ó 142,86% do importe de subvención concedida.

3.-O importe da subvención concedida aboarase unha vez aprobada definitivamente pola Xunta de Goberno Local e previa xustificación dos gastos subvencionables, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Formularios 3 e 4.
- Facturas e formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (transferencias bancarias).
- Documento probatorio da difusión da colaboración do Concello na actividade subvencionada. (Cartel de obra en lugar visible)
- Os certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e seguridade social deberán estar vixentes no momento da xustificación.
- Memoria detallada da actividade realizada, obxecto da subvención.

Transcorrido o prazo establecido neste artigo sen ter presentado a correspondente xustificación entenderase que a entidade renuncia á subvención.

ARTIGO 14. REINTEGRO DE SUBVENCIONES

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Ó obtelas falseando as condicións requiridas.
- Ó non aplicalas para os fins para os que foron concedidas.
- Ó incumplir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.





As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Os formularios estarán a disposición dos interesados na páxina web do Concello, www.asneves.gal.

ARTIGO 15. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

As Bases da convocatoria e cantos actos administrativos que se deriven delas e das actuacións da Comisión de valoración poderán ser impugnadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, así como pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

O Alcalde, Jose Manuel Alfonso González
(data e sinatura dixital ao marxe)

